

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto Decreto nº 2018-0509, de data 27 de febreiro de 2018, polo que se resolvía aprobar o tribunal de selección para a confección de listaxes de contratacións temporais para prazas de persoal laboral na categoría de Profesor de Música, na especialidade de Linguaxe Musical.

Vista comunicación telefónica de D. Pablo Rodríguez Fernández, pola que nos comunicaba a súa renuncia a formar parte como Presidente titular do citado proceso selectivo, esta Alcaldía en base ás competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local,

Resolve,

Primeiro.- Modificar a composición do Tribunal de selección para a confección de listaxes de contratacións temporais para prazas de persoal laboral na categoría de Profesor de Música, na especialidade de Linguaxe Musical, e onde dicía:

“

D. Pablo Rodríguez Fernández, e como suplente D. Antonio Cantal Mariño.”

Debe dicir:

“

Dña. Raquel Carrera Álvarez, e como suplente D. Antonio Cantal Mariño.”

Segundo.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: www.ponteareas.gal.

Terceiro.- Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro do Concello, e na páxina www.ponteareas.gal, ao abeiro do establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso- Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde

Xosé Represas Giráldez